CULLEREDO
CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

# Programación DIDÁCTICA ORQUESTRA

## Conservatorio Profesional de Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30
15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798
e-mail: conservatorio@culleredo.es
www.culleredo.es

ÍNDICE


| | |
|---|---|
| 1.-INTRODUCCIÓN COVID 19<br>INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA | 6 - 8 |
| 2.- CURSO 1º DO GRAO PROFESIONAL | 11 |
| 2.1. OBXECTIVOS | 11 |
| 2.2. CONTIDOS | 14 |
| 2.3. ENFOQUE METODOLÓXICO | 17 |
| 2.3.1. RECURSOS, MATERIAIS DIDÁCTICOS | 18 |
| 2.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS | 18 |
| 2.3.3. MEDIOS | 18 |
| 2.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 18 |
| 2.4.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | 22 |
| 2.5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 22 |
| 2.5.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS | 22 |
| 2.5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS | 23 |
| 2.5.2.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA | 23 |
| 2.5.2.2. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA | 25 |
| 2.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN | 25 |
| 2.7. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO | 26 |
| 2.8. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA | 27 |
| 2.9. PROCEDEMENTO DE ACCESO Ó CURRICULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS | 29 |
| 3.- CURSO 2º DO GRAO PROFESIONAL | 32 |
| 3.1. OBXECTIVOS | 32 |
| 3.2. CONTIDOS | 36 |
| 3.3. ENFOQUE METODOLÓXICO | 39 |
| 3.3.1. RECURSOS, MATERIAIS DIDÁCTICOS | 39 |
| 3.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS | 39 |
| 3.3.3. MEDIOS | 40 |
| 3.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 40 |

| | |
|---|---|
| | |
| 3.4.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | 44 |
| 3.5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 44 |
| 3.5.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS | 44 |
| 3.5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS | 45 |
| 3.5.2.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA | 45 |
| 3.5.2.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVA PARA UNHA ASIGNATURA PENDENTE | 47 |
| 3.5.2.3. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA | 48 |
| 3.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN | 49 |
| 3.7. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO | 49 |
| 3.8. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA | 51 |
| 3.9. PROCEDEMENTO DE ACCESO Ó CURRICULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS | 52 |
| 4.- CURSO 3º DO GRAO PROFESIONAL | 56 |
| 4.1. OBXECTIVOS | 56 |
| 4.2. CONTIDOS | 59 |
| 4.3. ENFOQUE METODOLÓXICO | 62 |
| 4.3.1. RECURSOS, MATERIAIS DIDÁCTICOS | 62 |
| 4.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS | 63 |
| 4.3.3. MEDIOS | 63 |
| 4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 63 |
| 4.4.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | 67 |
| 4.5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 67 |
| 4.5.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS | 67 |
| 4.5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS | 68 |
| 4.5.2.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA | 68 |
| 4.5.2.2. PROCEDEMENTOS DE AVALICACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIGNATURA PENDENTE | 70 |
| 4.5.2.3. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA | 71 |
| 4.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN | 72 |
| 4.7. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO | 73 |
| 4.8. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA | 74 |
| 4.9. PROCEDEMENTO DE ACCESO Ó CURRICULO PARA ALUMNADO CON | 75 |

| | |
|---|---|
| NECESIDADES ESPECÍFICAS | |
| 5.- CURSO 4º DO GRAO PROFESIONAL | 79 |
| 5.1. OBXECTIVOS | 79 |
| 5.2. CONTIDOS | 82 |
| 5.3. ENFOQUE METODOLÓXICO | 86 |
| 5.3.1. RECURSOS, MATERIAIS DIDÁCTICOS | 86 |
| 5.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS | 86 |
| 5.3.3. MEDIOS | 87 |
| 5.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 87 |
| 5.4.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | 90 |
| 5.5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 91 |
| 5.5.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS | 91 |
| 5.5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS | 92 |
| 5.5.2.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA | 92 |
| 5.5.2.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIGNATURA PENDENTE | 93 |
| 5.5.2.3. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA | 95 |
| 5.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN | 95 |
| 5.7. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO | 96 |
| 5.8. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA | 97 |
| 5.9. PROCEDEMENTO DE ACCESO Ó CURRICULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS | 99 |
| 6.- CURSO 5º DO GRAO PROFESIONAL | 103 |
| 6.1. OBXECTIVOS | 103 |
| 6.2. CONTIDOS | 106 |
| 6.3. ENFOQUE METODOLÓXICO | 109 |
| 6.3.1. RECURSOS, MATERIAIS DIDÁCTICOS | 109 |
| 6.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS | 110 |
| 6.3.3. MEDIOS | 110 |
| 6.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 110 |
| 6.4.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | 114 |
| 6.5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 114 |

| | |
|---|---|
| | |
| 6.5.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS | 114 |
| 6.5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS | 115 |
| 6.5.2.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA | 115 |
| 6.5.2.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIGNATURA PENDENTE | 117 |
| 6.5.2.3. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA | 118 |
| 6.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN | 119 |
| 6.7. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO | 120 |
| 6.8. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA | 121 |
| 6.9. PROCEDEMENTO DE ACCESO Ó CURRICULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS | 122 |
| 7.- CURSO 6º DO GRAO PROFESIONAL | 126 |
| 7.1. OBXECTIVOS | 126 |
| 7.2. CONTIDOS | 129 |
| 7.3. ENFOQUE METODOLÓXICO | 133 |
| 7.3.1. RECURSOS, MATERIAIS DIDÁCTICOS | 1331 |
| 7.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS | 133 |
| 7.3.3. MEDIOS | 134 |
| 7.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 134 |
| 7.4.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | 137 |
| 7.5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 138 |
| 7.5.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS | 138 |
| 7.5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS | 139 |
| 7.5.2.1. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA | 139 |
| 7.5.2.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIGNATURA PENDENTE | 140 |
| 7.5.2.3. PROCEDEMENOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA | 142 |
| 7.5.2.4. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DO PREMIO DE FIN DE GRAO. | 142 |
| 7.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN | 143 |
| 7.7. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO | 144 |
| 7.8. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA | 145 |

| | |
|---|---|
| **7.9. PROCEDEMENTO DE ACCESO Ó CURRICULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS** | **146** |
| **8. PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS)** | **150** |
| **8.1. PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS** | **150** |
| **8.2. PROPOSTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES** | **150** |
| **9. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA** | **151** |
| **9.1. PROCEDEMENTOS PARA A COORDINACIÓN, VALORACIÓN E REVISIÓN DO RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA** | **151** |
| **9.2. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO** | **151** |
| **10. PROBAS DE ACCESO ÓS DIFERENTES CURSOS** | **151** |


INTRODUCIÓN COVID 19

Para este curso 2020-2021 esta Programación contemplará o disposto nas INSTRUCIÓNS DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021, que establecen medidas específicas excepcionais derivadas da situación se crise sanitaria producida polo virus COVID-19.
Atendendo o disposto no punto 1 das Instrucións citadas anteriormente durante a primeira semana do curso escolar levarase a cabo unha avaliación inicial. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

*Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.*

*Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.*

*Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.*

De igual xeito, no punto 4 establécense os seguintes criterios para a elaboración das Programacións Didácticas:

*4.1 Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.*

Debemos facer mención a que os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Orquestra cumprironse na súa totalidade no curso 2019-20. Cumpre facer unha valoración positiva xa que se impartiron todos os aprendizaxes imprescindibles.

*4.2 Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.*

De igual xeito que no punto anterior os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Orquestra, cumprironse na súa totalidade no curso 2019-20. Cumpre facer unha valoración positiva da Avaliación inicial sen detectar carencias no alumnado.

*4.3 Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar.*

Non é necesario facer unha incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do presente curso escolar xa que os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Orquestra cumprironse na súa totalidade no curso 2019-20 por parte do alumnado.

*4.4 Constarán as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir.*

En relación con este apartado debemos facer mención a dous escenarios. Unha situación de semi-presencialidade na que se combinen a normalidade adaptada e a non presencialidade e un escenario no que a actividade lectiva se leve a cabo dun xeito non presencial.
**Obxectivos:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Obxectivos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.
**Contidos:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Contidos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.
**Enfoque metodolóxico:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Enfoques metodolóxicos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.
**Recursos didácticos:** en relación con esta apartado facer mención a que para acadar os Obxectivos, implementar os Contidos e poñer en funcionamento os Procesos metodolóxicos, se recorrerán agora dun xeito moi relevante á utilización das novas Tecnoloxías da Información e Comunicación substituíndo estas parte dos recursos empregados na docencia presencial.
Poderán ser utilizados, si é o caso de forma profusa a dixitalización de partituras para a súa remisión ao alumnado, gravacións de audio e a comunicación co alumnado por medio da utilización das aplicacións de mensaxería instantánea ou vídeo chamadas a través de distintos dispositivos ademais do correo electrónico.

De especial relevancia terán as comunicacións levadas a cabo a través de vídeo conferencia xa que estas substitúen á clase presencial. De igual xeito a remisión de arquivos con contidos musicais en forma de gravacións efectuadas polo propio alumnado. Isto permite implementar un procedemento que suple a ausencia de presencialidade entre intérpretes.

**Criterios de avaliación e mínimos exixibles:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos criterios de avaliación xerais da Materia que figuran na súa Programación didáctica nin dos mínimos exixibles.
**Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe:** en canto aos Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, manteranse os principios básicos contemplados na Programación didáctica da materia, pero no caso de ter que implementar esta modalidade non presencial, veranse modulados polas limitacións dos recursos comunicativos postos en marcha, fundamentalmente vídeo conferencia, que dificultan en ocasións o análise preciso da escoita e observación do alumnado.
A avaliación no mes de setembro: no caso de que a presencialidade no sexa posible, o alumnado interpretará preferiblemente por medio de vídeo conferencia unha partitura ou partituras da materia de Orquestra solicitadas polo docente. Para levalo a cabo, poderase partir dunha gravación así como dunha partitura ou partituras que en todo caso será remitida previamente polo docente.
Moi importante será indicar, que ningún dos apartados expostos anteriormente sufrirá cambios significativos, sempre e cando se poida dispoñer dos recursos materiais e dixitais necesarios para o seu correcto desenrolo.
Por outra banda, prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tal e como se viña realizando, e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuizo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

*4.5 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións.*

Como xa se expresou anteriormente en relación cos Obxectivos, nesta modalidade non suporá cambios significativos, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC

En canto á modalidade presencial, levarase a cabo adaptada ás circunstancias de seguridade ditadas polas autoridades sanitarias e educativas e sen cambios significativos en canto a Obxectivos, Contidos e Avaliación con respecto a un curso convencional.

Terase en conta o establecido nas INSTRUCIÓNS DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021, as INSTRUCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓNS COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G Nº 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021, normativa que vese concretada no PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 PARA O CURSO 20/21 no CMUS Profesional de música de Culleredo, que se elabora seguindo as instrucións da Conselleira de Educación, e que se complementa coa Guía curso 2020-21 Conservatorio Profesional de Música de Culleredo elaborada polo propio Centro

## 1. – INTRODUCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45, que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ó alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Esta lei orgánica de educación establece no su artigo 6.2, que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

O grao profesional ten coma finalidade proporcionarlle ó alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudios posteriores.

Esta programación parte entón, dos documentos oficiais vixentes correspondintes a esta materia, que son os seguintes:

a) Para os Graos Elemental e Profesional (lexislación L.O.E.): R. D. 1577/2006 do 22 de decembro que desenrrola aspectos básicos do currículo da L.O.E.; a L.O. 2/2006 do 3 de maio, no seu capítulo VI, que concreta o marco da nova lei de educación nas ensinanzas de réxime especial; decreto 203/2007 que establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia.

b) Circular 9/2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Galicia; Orde do 28-07-08 sobre a regulación das probas de acceso no Grao Profesional; Orde do 08-02-08 de avaliación no Grao Profesional (regula a convocatoria extraordinaria de setembro).

c) Real Decreto 303/2010, sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

d) Decreto 223/2010, que establece o Regulamento Orgánico dos Conservatorios elementais e profesionais de música e danza en Galicia (R.O.C.)

e) Orde do 04-08-11 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que desenvolve o Decreto 223/2010, que establece o R.O.C.

A presente programación dá concreción á anterior lexislación a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de Culleredo.

Os cursos nos que se desenvolve a asignatura de Orquestra e Banda nas especialidades correspondentes, son de 1º a 6º do Grao Profesional.

A materia de Orquestra e Banda está concibida como unha materia que, xunto á de Coro, Música de Cámara e Conxunto, sincretiza a maioría dos coñecementos técnicos-musicais, tanto individuais como

colectivos. A diferenza dunha parte importante das materias ligadas a períodos históricos, estilos e xéneros, estas materias teñen un carácter transversal o resto de materias do currículo.

Con esta materia perséguese dotar ó estudante cos coñecementos e habilidades necesarios que lle permitan desenvolverse nos entresixos da disciplina de Orquestra e Banda, servindo ademáis como ferramenta de relación social que ten á música, a diversidade intrumental e a predisposición do traballo en equipo como contexto, e trascendindo así a dimensión individual da propia especialidade. Ó longo do curso académico, os estudantes fórmanse na realidade do músico profesional, grazas á participación nos ensaios, concertos e experiencias de aprendizaxe, que ten lugar no conservatorio e o seu ámbito.

A práctica de Orquestra e Banda durante o período de estudios correspondinte ó Grao Profesional do ensino musical responde ó conxunto de necesidades do alumnado de música, que difícilmente poden ser atendidas se non é a través desta actividade. Esta práctica de Orquestra e Banda supón o vehículo fundamental para integrar e poñer en práctica unha serie de aspectos técnicos e musicais, e a súa aprendizaxe analítica debe ser objexto duhna derradeira síntese a través da práctica interpretativa.

A aprendizaxe na asignatura de Orquestra e Banda compre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en todos os seus aspectos. O repertorio orquestral e de banda constitúe o medio idóneo para que o alumno desenrrole o sentido da afinación, o cal, non pode deixar de ser instintivo e mimético, e polo tanto, resístese a ser ensinado ou transmitido só polos métodos racionais e require unha longa praxe musical, preferintemente en conxunto.

Asemade, o exercicio de Orquestra e Banda estimula a capacidade -imprescindibel para todo músico-, para escoitar ós outros instrumentos intre tócase o propio e para desenrrolar o sentido de "sonoridade do conxunto". A interacción entre diversos instrumentistas colabora igualmente ó desenrrolo da sensibilidade en materia de dinámica, fraseo, ritmo e vibrato:

- en canto á dinámica, por esixir unha sensibilización con respecto á audición dos planos sonoros e á percepción da función desempeñada en cada momento por cada un dos instrumentos (de solista, acompañante, contrapuntístico, harmónico, etc.);
- en canto o fraseo, porque colabora no desenvolvemento do sentido do diálogo e a mímese musical;
- en canto ó ritmo, porque a música de conxunto esixe por se mesma uhna precisión e compenetración rítmica que faga posibel a simultaneidade e o axuste entre os diversos instrumentos, ó tempo que propicia o desenrrolo da xéstica e da comunicación entre os instrumentistas (entradas, definición do tempo, rubato e outras modificacións do tempo, cortes finais, respiracións, etc.);
- en canto o vibrato, no sentido de que a práctica orquestal obriga a homoxeneizar e simultaneizar o período, velocidade e amplitude dos diversos vibratos.

A actividade de Orquestra e Banda esixe ós músicos que a practican desenrolar determinados hábitos de autodisciplina e métodos extremadamente beneficiosos, como a homoxeneización da articulación, a planificación dos golpes de arco nos instrumentos de corda ou das respiracións nos de vento, etc., ó tempo que permite o contraste do instrumento propio con outros de diferente natureza.

Dende un punto de vista musical, a práctica en Orquestra e Banda é imprescindibel para a maduración dun músico no terreo da expresividade e a emotividade, xa que supón un campo idóneo para que a capacidade afectiva do futuro músico aflore na súa interpretación, feito que debe ser propiciado ou antes posibel.

Á vez, o intercambio de ideas e a confrontación entre diversos puntos de vista interpretativos resulta non só sumamente educativo, senon tamén estimulante para un instrumentista no seu período de formación, xa que colabora co desenvolvimento da capacidade analítica e fomenta que a interpretadción responda a unha idea musical e trascenda o nivel de mera lectura.

Asemade, a práctica e o estudio do repertorio de Orquestra e Banda supón un paso decisivo no coñecemento do repertorio do instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.

A pesar do exposto anteriormente e tamén ao longo desta programación debemos de ter enconta a complexidade e singularidade do noso centro na actualidade, coas carencias de especialidades intimamente relacionadas con esta materia como son as de oboe, fagot, trompa, trombón, tuba e arpa, tal e como ven reflexado no Proxecto Educativo de Centro ou a P.X.A.

En suma, o cultivo da actividade en Orquestra e Banda resulta absolutamente complementaria á formación instrumental, permitindo a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos na clase de instrumento dentro duhna actividade que, a causa do seu carácter lúdico, permite a práctica musical en condicións ideais de espontaneidade e distensión.

Según a Lei de Normalización Lingüística vixente e o aprobado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica no curso 2008/9, a esta asignatura de Orquestra e Banda se desenrolará en galego.

## 2. – CURSO 1º DO GRAO PROFESIONAL (ESPECIALIDADES: ARPA, CLARINETE, CONTRABAIXO, FAGOT, FRAUTA TRAVESA, ÓBOE, PERCUSIÓN, SAXOFÓN, TROMBÓN, TROMPA, TROMPETA, TUBA, VIOLA, VIOLÍN E VIOLONCELLO).

### 2.1. OBXECTIVOS.

Os obxectivos xerais da L.O.E. para esta materia son os que se indican a continuación. A ensinanza da práctica de Orquestra e Banda no Grao Profesional tenrá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das seguintes capacidades no alumnado:

A práctica de Orquestra e Banda no grao profesional e medio terá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das seguintes capacidades no alumnado:

- Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director ou directora e da experiencia do grupo que lle permita cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro do mesmo.
- Dominar o propio instrumento dacordo coas esixencias de cada obra.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ó mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste do son realícese en función dos demáis instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación dacordo co nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do director ou directora.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o derenrolo da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación có instrumento.
- Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento das mesmas.
- Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os OBXECTIVOS ESPECÍFICOS que desenrolan os xerais e sobre os que se aplicará a avaliación do alumnado, secuencian os xerais anteriores, entorno a catro bloques, que están relacionados entre si.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, consiste nos dous seguintes aspectos:

A) Acadar a metade dos obxectivos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 obxectivos dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 obxectivos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 obxectivo dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.

d) Actitude: 6 obxectivos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante cada trimestre, que é un tercio do repertorio do curso.

En coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación destes mínimos:

A) Acadar a metade dos obxectivos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar:

a) Lectura: 3 obxectivos dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 obxectivos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 obxectivo dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 obxectivos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante o curso.

Este primeiro curso de práctica de Orquestra e Banda no Grao Profesional terá como meta contribuír a desenrrolar no alumnado os obxectivos ou capacidades seguintes:

**a) Lectura.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente todas as obras do curso individual e colectivamente.
2º. Coñecer e manexar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Ler, individual e colectivamente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras.
3º. Ler a primeira vista, individual e colectivamente, polo menos unha obra propia do nivel.
4º. Esmiuzar e reforzar dentro do hábito de estudio individual, as pasaxes musicais que presentan unha dificultade motora no momento da lectura, para permitir o progreso na montaxe das obras, e demostrar autonomía no estudio.
5º. Desenvolver a memoria mediante a interpretación, na asimilación das obras.

**b) Interpretación.**

1º. Mostrar unha autocrítica construtiva que enriqueza a formación do criterio de interpretación persoal, e empregar este criterio persoal para valorar a interpretación propia e do grupo dentro do plan de traballo colectivo, na análise dos recursos interpretativos e práctica gradual de obras de diversos estilos e épocas.
2º. Desenvolver progresivamente o oido interno e harmónico prestando atención á afinación, cor e calidade tímbrica axeitados ó contido musical, empaste e o resultado global das partes: igualdade nos golpes de arco e ataques...
3º. Coñecer e responder ós xestos do director: anacrusa como movemento básico da práctica orquestral, diferentes tipos de anacrusas...
4º. Experimentar coas posibilidades sonoras do propio instrumento, e afondar progresivamente para conseguir efectos distintos nunha mesma pasaxe.
5º. Interpretar intervalos consonantes e disonantes de crecente dificultade, como afianzamento da afinación das obras do repertorio.
6º. Analizar versións de obras do repertorio.

**c) Público.**

1º. Participar nos concertos que se organicen co fin de comunicar o repertorio aprendido e reforzar o proceso de aprendizaxe.
2º. Mellorar progresivamente na aplicación das aprendizaxes desenvolvidas no aula á interpretación en público.

**d) Actitude.**

1º. Participar con motivación e superación nas experiencias do propio proceso de aprendizaxe, desfrutando da contribución á unidade sonora do feito musical, mediante a escoita global das partes, como base para integrar a propia parte nesta unidade sonora, adquirindo unha progresiva seguridade persoal niso e valorando esta práctica como preparación para o futuro exercicio profesional.
2º. Autoavaliar e mellorar a percepción persoal do empaste e compenetración da unidade sonora como contribución á formación dun só son, con progresiva capacidade de reacción e reflexos no emprego dos recursos técnicos adecuados en cada momento da interpretación (flexibilidade no emprego de distintos

ataques, articulacións, dixitacións, tímbrica, aplicación con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento).
3º. Valorar, respectar e asimilar como algo propio, o comportamento, a cooperación e as normas que levan consigo a actividade de grupo, respondendo ó compromiso que se adquire coa música e compañeiros.
4º. Organizar con responsabilidade o hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a) traballando por seccións con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo e flexible, valorando as achegas propias e alleas;
b) interpretando obras reducindo ó mínimo posible o número de alumnado por corda;
c) participando con agrado e prontitude nas actividades;
d) anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...

5º. Interesarse pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.
6º. Respectar e desfrutar as obras que se interpretan e do coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ó que pertencen.
7º. Experimentar e valorar o silencio na práctica en grupo, como base

a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.

8º. Coñecer e controlar a relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos,...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfrutar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.
9º. Participar con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios para a preparación de concertos.
10º. Utilizar en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mantelo en bo estado.
11º. Asistir a clase e ós concertos con puntualidade.
12º. Participar na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

**2.2.- CONTIDOS.**

Os contidos xerais da L.O.E. para esta materia son os seguintes. A ensinanza da práctica de Orquestra e Banda no grao profesional tenrá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das capacidades no alumnado, mediante o traballo dos seguintes contidos:

- Importancia da afinación previa a partires do “A” do óboe.
- A anacrusa como movimento básico da práctica do grupo.
- Reacción e comprensión ante as diferentes anacrusas do director ou directora.
- Desenrrolo do oido para o control permanente da afinación dentro da agrupación.
- Desenrrolo da igualdade nos ataques (instrumentos de vento e percusión).
- Desenrrolo da igualdade nos golpes de arco.
- Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.
- Estudio previo da "particella ", silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director ou directora, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.
- Importancia do papel de cada un dos membros da agrupación.
- Trababallo por seccións...
- Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os CONTIDOS ESPECÍFICOS que desenrolan os xerais e sobre os que se aplicará a avaliación do alumnado e secuencian os xerais anteriores.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, consiste nos dous seguintes aspectos:

A) Acadar a metade dos contidos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 contidos dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 contidos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

c) Público: 1 contido dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 contidos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante cada trimestre, que é un tercio do repertorio do curso.

En coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación destes mínimos:

A) Acadar a metade dos contidos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar:

a) Lectura: 3 contidos dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 contidos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 contido dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 contidos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante o curso.

Aqueles contidos sobre os que versará a planificación da clase de Orquestra e Banda neste curso, contribuíndo á consecución dos obxectivos mencionados, son os seguintes:

**a) Lectura.**

1º. A afinación, á medida e o mantenemento do pulso correctamente en todalas obras do curso, tanto individual como colectivamente.
2º. Coñecemento e manexo das indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Lectura, individual e colectiva, das obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe dás obras.
3º. Lectura a primeira vista, individual e colectivamente, polo menos dunha obra propia do nivel.
4º. Desmenuzamento e reforzo dentro do hábito de estudio individual, das pasaxes musicais que presentan unha dificultade motora no momento da lectura, para permitir o progreso na montaxe das obras, e o desenrrolo da autonomía no estudio.
5º. Desenrolo da memoria mediante a interpretación, na asimilación das obras.

**b) Interpretación.**

1º. Desenrrolo da autocrítica construtiva que enriqueza a formación do criterio de interpretación persoal, e empregar este criterio persoal para valorar a interpretación propia e do grupo dentro do plan de traballo colectivo, na análise dos recursos interpretativos e práctica gradual de obras de diversos estilos e épocas.
2º. Desenvolvimento progresivo do oido interno e harmónico poñendo atención á afinación, cor e calidade tímbrica axeitados ó contido musical, empaste e o resultado global das partes: igualdade nos golpes de arco e ataques...
3º. Coñecemento e resposta ós xestos do director: anacrusa como movemento básico da práctica orquestral, diferentes tipos de anacrusas...
4º. Experimentación coas posibilidades sonoras do propio instrumento, e afondamento progresivo para conseguir efectos distintos nun mesmo pasaxe.
5º. Interpretación de intervalos consonantes e disonantes de crecente dificultade, como afianzamento da afinación das obras do repertorio.
6º. Análise de versións de obras do repertorio.

**c) Público.**

1º. Participación nos concertos que se organicen co fin de comunicar o repertorio aprendido e reforzar o proceso de aprendizaxe.
2º. Mellora progresiva na aplicación das aprendizaxes desenvolvidas no aula á interpretación en público.

**d) Actitude.**

1º. Participación con motivación e superación nas experiencias do propio proceso de aprendizaxe, desfrutando da contribución á unidade sonora do feito musical, mediante a escoita global das partes, como base para integrar a propia parte nesta unidade sonora, adquirindo unha progresiva seguridade persoal niso e valorando esta práctica como preparación para o futuro exercicio profesional.

2º. Autoavaliación e mellora da percepción persoal do empaste e compenetración da unidade sonora como contribución á formación dun só son, con progresiva capacidade de reacción e reflexos no emprego dos recursos técnicos adecuados en cada momento da interpretación (flexibilidade no emprego de distintos ataques, articulacións, dixitacións, tímbrica, aplicación con autonomía progresivamente maior dos coñecementos musicais para a improvisación co instrumento).
3º. Valoración, respecto e asimilación como algo propio, do comportamento, a cooperación e as normas que levan consigo a actividade de grupo, respondendo ó compromiso que se adquire coa música e compañeiros.
4º. Organización con responsabilidade do hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a) traballando por seccións con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo e flexible, valorando as achegas propias e alleas;
b) interpretando obras reducindo ó mínimo posible o número de alumnado por corda;
c) participando con agrado e prontitude nas actividades;
d) anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...

5º. Interese pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.
6º. Respecto e desfrute das obras que se interpretan e do coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ó que pertencen.
7º. Experimentación e valoración do silencio na práctica en grupo, como base.

a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.

8º. Coñecemento e control da relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos,...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfrutar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.
9º. Participación con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios para a preparación de concertos.
10º. Utilización en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mantelo en bo estado.
11º. Asistencia a clase e ós concertos con puntualidade.
12º. Participación na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

### 2.3.-ENFOQUE METODOLÓXICO.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza-aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado como do resto de profesores membros do claustro; dende a daptacion do repertorio para a nosa particular formación, ata, o estudo do repertorio de maneira individual e a posta en práctica de ensaios seccionais en donde teran que entrar en debate as distintas opinions e criterios para levar a cabo da maneira mais poitiva o mesmo.

#### 2.3.1. RECURSOS, MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, asé como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto. O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

En función do anterior, e de forma orientativa, como material curricular, un listado orientativo de partituras podería ser o que aparece no epígrafe 8 desta programación, referinte ás probas de acceso ós diferentes cursos. Se poderán audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, asé como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

#### 2.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS.

Os recursos humáns están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación. Contextualizados neste centro os recursos materiais son os seguintes:

1. Aula con espazo abondo para albergar un grupo estabel de Conxunto.

2. En cada aula, un ou dous pianos cos seus asentos regulables.
3. En cada aula, reprodutor de CD, metrónomo, atrís, sillas e lousa pautada.
4. No departamento, reprodutor de DVD, televisor e gravadora dixital.
5. No centro, videocámara dixital.
6. Sala de audicións, cabinas de estudio e biblioteca.
7. Auditorio, con equipo de gravación.
8. Na biblioteca, ordenadores con conexión a Internet, como tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten o acceso a materiais didácticos, información en materia de educación, asé como a comunicación entre o/as integrantes da comunidade educativa.

### 2.3.3. MEDIOS.

Son o propio sistema educativo, a L.O.E. na súa concreción autonómica, os documentos de organización do centro, incluída esta programación de Orquestra e Banda e a linguaxe técnica empregada.

## 2.4. – CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os criterios xerais da L.O.E. para esta materia son os que a continuación se especifican. A ensinanza da práctica de Orquestra e Banda no grao profesional tenrá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das capacidades no alumnado, o que se avaliará mediante os seguintes criterios de avaliación:

- Interpretar por seccións calquera das obras programadas durante o curso.
  *Con este criterio trátase de valorar a capacidade para adecuar o propio son ó da familia correspondinte e a precisión dos ataques e entradas dacordo coa anacrusa do director ou directora.*
- Reproducir calquera das obras programamadas durante o curso, reducindo a corda ó número mínimo posible de alumnos e de alumnas por cada sección da mesma.
  *Este criterio pretende avaliar a capacidade de escoita das outras partes, unificándose coas afíns, e do grao de afinación harmónica e do conxunto, unificando unísonos.*
- Repentizar unha obra de pequena dificultade.
  *Este criterio pretende comprobar a integración rítimica no conxunto seguindo o tempo marcado polo director ou directora, a precisión para reaccionar ás súas indicacións, o dominio do seu intrumento e o grao de afinación na lectura a vista.*
- Estudar na casa as obras correspondintes ou repertorio programado.
  *Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro do mesmo e o respecto pola interpretación musical.*
- Realizar concertos públicos coas obras ensaiadas.
  *Este criterio constata a actitude, necesariamente disciplinada do instrumentista na orquestra, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa contribución dentro do equilibrio de planos do conxunto e adecuación ó carácter e estilo que marca o director ou directora.*
- O alumnado debe mostra-los coñecementos mediante a interpretación das obras de estilo e épocas diversas traballadas na aula.
  *Verifícase así a asimilación e superación dúas contidos do curso. Valórase:*
  - *o desenrrolo técnico e nivel adquirido;*
  - *a produción do son;*
  - *a calidade do son, dinámicas, vibrato e afinación;*
  - *fidelidade ó texto, mediante o control das pasaxes musicais, así como o seu dominio técnico;*

  *Tamén, na execución en grupo valórase:*
  - *a interpretación musical, en canto o carácter e estilo;*
  - *a memoria musical;*
  - *o equilibrio sonoro cos outros instrumentos.*

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os CRITERIOS ESPECÍFICOS que desenrolan os xerais e sobre os que se aplicará a avaliación do alumnado e secuencian os xerais anteriores, corresponíndose directamente cos obxectivos e contidos deste curso.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, **os mínimos exixibles** para aprobar a asixnatura cada trimestre, consiste en acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques que os vertebran, asé como o repertorio practicado. Asé habería que superar trimestralmente:

A) Acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. (50%). Desta forma se valorarán a aprendizaxe e o coñecemento adquirido do repertorio dunha forma específica e detallada. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 criterios dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
b) Interpretación: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
c) Público: 1 criterio dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que se inician os estudios musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenimento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital mportancia a atención á diversidade do alumnado, para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. Para tal fin, o profesorado do departamento elaborará un banco de actividades didácticas.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de **procedementos de acceso ó currículo para alumnado con necesidades específicas,** ou expresado doutra forma**,** conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, e de ser o caso, atendendo o informe aportado do alumnado con necesidades específicas, -neste último caso unha vez consultado o departamento, tutor e xefatura de estudios-, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1) ***Adaptacións do material didáctico,*** que ofrezan unha ampla gama de actividaes didácicas que respondan ós diferentes graos de aprendizaxe, como aplicación de exercicios ponte que esmiucen o material musical e facilite a progresiva asimilación polo alumnado.

2) ***Variacións da metodoloxía,*** para adaptala ás necesidades de cada alumno, según sexan as características de aprendizaxe do alumnado (ritmo de aprendizaxe, circunstancias), afectarán á aplicación de metodoloxías (estilo de comunicación na ensinanza, aplicación de exercicios adaptados, traballo das actitudes e motivación…).

3) ***Propoñer actividades de traballo diferenciadas:*** O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas. Neste senso, se proporán actividades secuenciadas de menor a maior dificultade, adaptadas ó ritmo de aprendizaxe do alumnado, có obxectivo da interpretación musical.

4) ***Organizar o traballo de forma flexible*** e con ritmos distintos de aprendizaxe, secuenciando para iso as actividades adaptadas do material didáctico.

5) ***Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos*** adaptándose ó alumno individualmente, reforzando e ampriando ós coñecementos que vai adquirindo, coa asociación con experiencias que lle sexan significativas e estimulen a súa aprendizaxe significativa e o seu disfrute da súa integración musical dentro do grupo.

6) A adaptación dos obxectivos, e por tanto dos contidos terá que respetar os ***mínimos esixibles*** fixados na programación para o curso.

A interpretación musical, meta destas ensinanzas, é por definición, un feito diverso, profundamente subxectivo, e no seu resultado sonoro final fusiónanse a mensaxe do compositor contido na obra e a persoal forma de transmiti-lo por parte do intérprete, que fai súa esa mensaxe canalizándoa a través da súa propia sensibilidade. Como en toda tarefa educativa, é o desenrrolo da personalidade e a sensibilidade propias do alumnado, a fin que se persegue aquí, de maneira tanto máis acentuada, en canto que a música é entre outras, un vehículo de expresión de emocións.

Nun proceso de aprendizaxe desta índole, o profesor actuará de guía, dando solucións concretas a problemas igualmente concretos, e no que teña un carácter máis xeral, dará opcións e non imporierá criterios, orientará e non conducirá cara resultados predeterminados, estimulará e ampliará a receptividade así como a capacidade de resposta do alumnado.

A programación, aberta, nada ríxida, é imprescindibel en materias como esta, conleva acadar unha homoxeneidade do nivel, un ritmo de traballo no grupo, así como unhas obras do repertorio que poidan ser abordadas tecnicamente e á vez cumpran os obxectivos da programación.

Como se pode apreciar na secuenciación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada curso, o currículo desta materia é en espiral, xa que ó longo dos dous cursos, afiánzanse e amplian os aspectos formulados para o primeiro curso.

O proceso de ensinanza débese enfocar cara a funcionalidade das aprendizaxes, pudindo ser utilizados nas circunstancias reais nas que o alumno as necesite. Por aprendizaxe funcional se entende non só a aplicación práctica do coñecemento adquirido, senon tamén ou feito de que os contidos sexan necesarios e útiles para levar a cabo outras aprendizaxes e para enfrontarse con éxito á adquisición doutros contidos. Se busca desenvolver desta maneira a **metacoxnición**, como habilidade para aprender como integrante do grupo, e conseguintemente, a autonomía no estudo dentro do mesmo.

As actividades de ensino-aprendizaxe ou exercicios corresponderanse cos contidos desta programación, en función do repertorio a practicar durante o curso. O repertorio coral corresponderase ó nivel de cada ciclo, con posibilidade de empregar versións facilitadas ou adaptacións ad hoc, en función do equipo orquestral dispoñible. Ademais, poderá realizarse un traballo de repertorio coral e de solista con orquestra, que se adecuará ás características anteriores, según a organización da materia. Por outra banda, se poderán incluír exercicios de dirección como recurso educativo de ampliación.

O tempo na aula debe estar sumamente organizado, para que despois da lectura dunha obra, se poida comentar analiticamente a súa estrutura, axuste da afinación, e formular un guión de traballo co tempo axeitado para o grupo e poñendo atención ós distintos parámetros da interpretación. Este traballo pode ir seguido con comentarios sobre a época, estilo e o autor, así como dos autores de música sinfónica e para banda máis influíntes nese período.

Nunha materia como é a práctica orquestal, é imprescindible o estudio persoal por parte do alumnado, para resolve-las pasaxes ou fragmentos de dificultade, así como o traballo en equipo para disciplinarse e responsabilizarse, nunha simbiose que respecte a dinámica de traballo.

Como xa se din no epígrafe dos procedementos de avaliación, para un correcto seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de **avaliación**. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- **Avaliación inicial:** é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou cognitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa.
- **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- **Avaliación formativa:** Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de planteamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- **Avaliación sumativa:** Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente ó final de cada trimestre ou ó final do curso.

Nesta materia de **orquestra e banda**, se terá en conta para a avaliación o seguinte decálogo de normas de comportamento, que será dado a coñecer ó alumnado:

**A) NA CASA:**

1. Cada integrante da orquestra disporá dunha copia de todo o material. Debe materse en boas condicións de limpeza e coas indicacións actualizadas, independentemente de se é a copia que se utiliza no ensaio ou non.
2. A parte debe se estudiada na casa. No caso de dúbidas, se debe acudir ó profesorado de instrumento. O ensaio non é para aprendela.
3. Convén dispoer de grabacións do repertorio a traballar.

**B) NOS ENSAIOS:**

1. Puntualidade.
2. Material:
   - lápiz e goma.
   -violoncellos e contrabaixos levarán dispositivo para que o instrumento non resbale.
3. As arcadas ou dixitados estarán indicados na partitura. Si fai falta realizar modificacións no ensaio, os principias ou concertino o indicarán. O resto da sección os copiará sen necesidade de interrumpir o ensaio. Todas as anotacións as realizarán os que estén na parte de dentro do atril, salvo os principais.
4. En todo momento hai que gardar silencio e prestar atención ás indicacións do director, incluso ainda que se dirixa a outra sección. Os comentarios deben deixarse para despois.
5. A orquestra afinará normalmente a 442 Hz. Se debe ir có instrumento afinado ós ensaios para só ter que realizar pequenos axustes.
6. Ó afinar, se gardará un silencio absoluto. Primeiro se tomará o 'la' por seccións. Despois se afinarán o resto das cordas, piano e evitando tocar mentres os compañeiros no terminen de afinar.
7. As posibles ausenzas, salvo indicación do contrario, se cubrirán dende o último atril.
8. O alumnado de percusión deberá ter o instrumental preparado antes do inicio do ensaio e encargarse de devolver cada instrumento ó seu lugar á finalización do mesmo.

**C) NOS CONCERTOS:**

1. Puntualidade.
2. Varios minutos antes de comenzar o concerto se pode sair ó escenaria a calentar. Cando se apagan as luces e sae o concertino, se debe gardar silencio absoluto.
3. No escenario, se evitará falar ou calquera outra conducta que puida ser irrespetuosa cara ó público e o resto dos compañeiros.
4. Cando sae o director, a orquestra se levanta. Se mirará ó concertino para saber cando levantarse/sentarse.
5. Ó terminar a obra, se debe estar atento ás indicacións do director para os levantamentos/saudos.
6. Vestiario.

## 7. – CURSO 6º DO GRAO PROFESIONAL (ESPECIALIDADES: ARPA, CLARINETE, CONTRABAIXO, FAGOT, FRAUTA TRAVESA, ÓBOE, PERCUSIÓN, SAXOFÓN, TROMBÓN, TROMPA, TROMPETA, TUBA, VIOLA, VIOLÍN E VIOLONCELLO).

### 7.1. OBXECTIVOS.

Os obxectivos xerais da L.O.E. para esta materia son os que se indican a continuación. A ensinanza da práctica de Orquestra e Banda no Grao Profesional tenrá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das seguintes capacidades no alumnado:

A práctica de Orquestra e Banda no grao profesional e medio terá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das seguintes capacidades no alumnado:

1. Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
2. Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director ou directora e da experiencia do grupo que lle permita cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro do mesmo.
3. Dominar o propio instrumento dacordo coas esixencias de cada obra.

4. Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ó mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
5. Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste do son realícese en función dos demáis instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
6. Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación dacordo co nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do director ou directora.
7. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o derenrolo da memoria.
8. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
9. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación có instrumento.
10. Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento das mesmas.
11. Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os OBXECTIVOS ESPECÍFICOS que desenrolan os xerais e sobre os que se aplicará a avaliación do alumnado, secuencian os xerais anteriores, entorno a catro bloques, que están relacionados entre si.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, consiste nos dous seguintes aspectos:

A) Acadar a metade dos obxectivos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 obxectivos dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 obxectivos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 obxectivo dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 obxectivos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante cada trimestre, que é un tercio do repertorio do curso.

En coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación destes mínimos:

A) Acadar a metade dos obxectivos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar:

a) Lectura: 3 obxectivos dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 obxectivos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 obxectivo dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 obxectivos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante o curso.

Este primeiro curso de práctica de Orquestra e Banda no Grao Profesional terá como meta contribuír a desenrrolar no alumnado os obxectivos ou capacidades seguintes:

**a) Lectura.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente todas as obras do curso individual e colectivamente.
2º. Coñecer e manexar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Ler, individual e colectivamente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras.
3º. Ler a primeira vista, individual e colectivamente, polo menos unha obra propia do nivel.

4º. Esmiuzar e reforzar dentro do hábito de estudio individual, as pasaxes musicais que presentan unha dificultade motora no momento da lectura, para permitir o progreso na montaxe das obras, e demostrar autonomía no estudio.
5º. Desenvolver a memoria mediante a interpretación, na asimilación das obras.

**b) Interpretación.**
1º. Mostrar unha autocrítica construtiva que enriqueza a formación do criterio de interpretación persoal, e empregar este criterio persoal para valorar a interpretación propia e do grupo dentro do plan de traballo colectivo, na análise dos recursos interpretativos e práctica gradual de obras de diversos estilos e épocas.
2º. Desenvolver progresivamente o oido interno e harmónico prestando atención á afinación, cor e calidade tímbrica axeitados ó contido musical, empaste e o resultado global das partes: igualdade nos golpes de arco e ataques...
3º. Coñecer e responder ós xestos do director: anacrusa como movemento básico da práctica orquestral, diferentes tipos de anacrusas...
4º. Experimentar coas posibilidades sonoras do propio instrumento, e afondar progresivamente para conseguir efectos distintos nunha mesma pasaxe.
5º. Interpretar intervalos consonantes e disonantes de crecente dificultade, como afianzamento da afinación das obras do repertorio.
6º. Analizar versións de obras do repertorio.

**c) Público.**
1º. Participar nos concertos que se organicen co fin de comunicar o repertorio aprendido e reforzar o proceso de aprendizaxe.
2º. Mellorar progresivamente na aplicación das aprendizaxes desenvolvidas no aula á interpretación en público.

**d) Actitude.**
1º. Participar con motivación e superación nas experiencias do propio proceso de aprendizaxe, desfrutando da contribución á unidade sonora do feito musical, mediante a escoita global das partes, como base para integrar a propia parte nesta unidade sonora, adquirindo unha progresiva seguridade persoal niso e valorando esta práctica como preparación para o futuro exercicio profesional.
2º. Autoavaliar e mellorar a percepción persoal do empaste e compenetración da unidade sonora como contribución á formación dun só son, con progresiva capacidade de reacción e reflexos no emprego dos recursos técnicos adecuados en cada momento da interpretación (flexibilidade no emprego de distintos ataques, articulacións, dixitacións, tímbrica, aplicación con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento).
3º. Valorar, respectar e asimilar como algo propio, o comportamento, a cooperación e as normas que levan consigo a actividade de grupo, respondendo ó compromiso que se adquire coa música e compañeiros.
4º. Organizar con responsabilidade o hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a) traballando por seccións con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo e flexible, valorando as achegas propias e alleas;
b) interpretando obras reducindo ó mínimo posible o número de alumnado por corda;
c) participando con agrado e prontitude nas actividades;
d) anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...

5º. Interesarse pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.
6º. Respectar e desfrutar as obras que se interpretan e do coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ó que pertencen.
7º. Experimentar e valorar o silencio na práctica en grupo, como base

a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.

8º. Coñecer e controlar a relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos,...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfrutar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.
9º. Participar con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios para a preparación de concertos.
10º. Utilizar en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mantelo en bo estado.
11º. Asistir a clase e ós concertos con puntualidade.
12º. Participar na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

### 7.2.- CONTIDOS.

Os contidos xerais da L.O.E. para esta materia son os seguintes. A ensinanza da práctica de Orquestra e Banda no grao profesional tenrá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das capacidades no alumnado, mediante o traballo dos seguintes contidos:

1. Importancia da afinación previa a partires do "A" do óboe.
2. A anacrusa como movimento básico da práctica do grupo.
3. Reacción e comprensión ante as diferentes anacrusas do director ou directora.
4. Desenrrolo do oido para o control permanente da afinación dentro da agrupación.
5. Desenrrolo da igualdade nos ataques (instrumentos de vento e percusión).
6. Desenrrolo da igualdade nos golpes de arco.
7. Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.
8. Estudio previo da "particella ", silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director ou directora, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.
9. Importancia do papel de cada un dos membros da agrupación.
10. Trababallo por seccións...
11. Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación.
12. Valoración do silencio como marco da interpretación.

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os CONTIDOS ESPECÍFICOS que desenrolan os xerais e sobre os que se aplicará a avaliación do alumnado e secuencian os xerais anteriores.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, consiste nos dous seguintes aspectos:

A) Acadar a metade dos contidos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 contidos dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 contidos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 contido dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 contidos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante cada trimestre, que é un tercio do repertorio do curso.

En coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación destes mínimos:

A) Acadar a metade dos contidos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar:

a) Lectura: 3 contidos dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 contidos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 contido dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 contidos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante o curso.

Aqueles contidos sobre os que versará a planificación da clase de Orquestra e Banda neste curso, contribuíndo á consecución dos obxectivos mencionados, son os seguintes:

**a) Lectura.**

1º. A afinación, á medida e o mantenemento do pulso correctamente en todalas obras do curso, tanto individual como colectivamente.

2º. Coñecemento e manexo das indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Lectura, individual e colectiva, das obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe dás obras.
3º. Lectura a primeira vista, individual e colectivamente, polo menos dunha obra propia do nivel.
4º. Desmenuzamento e reforzo dentro do hábito de estudio individual, das pasaxes musicais que presentan unha dificultade motora no momento da lectura, para permitir o progreso na montaxe das obras, e o desenrrolo da autonomía no estudio.
5º. Desenrolo da memoria mediante a interpretación, na asimilación das obras.

**b) Interpretación.**
1º. Desenrrolo da autocrítica construtiva que enriqueza a formación do criterio de interpretación persoal, e empregar este criterio persoal para valorar a interpretación propia e do grupo dentro do plan de traballo colectivo, na análise dos recursos interpretativos e práctica gradual de obras de diversos estilos e épocas.
2º. Desenvolvimento progresivo do oido interno e harmónico poñendo atención á afinación, cor e calidade tímbrica axeitados ó contido musical, empaste e o resultado global das partes: igualdade nos golpes de arco e ataques...
3º. Coñecemento e resposta ós xestos do director: anacrusa como movemento básico da práctica orquestral, diferentes tipos de anacrusas...
4º. Experimentación coas posibilidades sonoras do propio instrumento, e afondamento progresivo para conseguir efectos distintos nun mesmo pasaxe.
5º. Interpretación de intervalos consonantes e disonantes de crecente dificultade, como afianzamento da afinación das obras do repertorio.
6º. Análise de versións de obras do repertorio.

**c) Público.**
1º. Participación nos concertos que se organicen co fin de comunicar o repertorio aprendido e reforzar o proceso de aprendizaxe.

2º. Mellora progresiva na aplicación das aprendizaxes desenvolvidas no aula á interpretación en público.

**d) Actitude.**
1º. Participación con motivación e superación nas experiencias do propio proceso de aprendizaxe, desfrutando da contribución á unidade sonora do feito musical, mediante a escoita global das partes, como base para integrar a propia parte nesta unidade sonora, adquirindo unha progresiva seguridade persoal niso e valorando esta práctica como preparación para o futuro exercicio profesional.
2º. Autoavaliación e mellora da percepción persoal do empaste e compenetración da unidade sonora como contribución á formación dun só son, con progresiva capacidade de reacción e reflexos no emprego dos recursos técnicos adecuados en cada momento da interpretación (flexibilidade no emprego de distintos ataques, articulacións, dixitacións, tímbrica, aplicación con autonomía progresivamente maior dos coñecementos musicais para a improvisación co instrumento).
3º. Valoración, respecto e asimilación como algo propio, do comportamento, a cooperación e as normas que levan consigo a actividade de grupo, respondendo ó compromiso que se adquire coa música e compañeiros.
4º. Organización con responsabilidade do hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a) traballando por seccións con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo e flexible, valorando as achegas propias e alleas;
b) interpretando obras reducindo ó mínimo posible o número de alumnado por corda;
c) participando con agrado e prontitude nas actividades;
d) anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...

5º. Interese pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.
6º. Respecto e desfrute das obras que se interpretan e do coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ó que pertencen.
7º. Experimentación e valoración do silencio na práctica en grupo, como base.

a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.

8º. Coñecemento e control da relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos,...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfrutar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.

9º. Participación con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios para a preparación de concertos.
10º. Utilización en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mantelo en bo estado.
11º. Asistencia a clase e ós concertos con puntualidade.
12º. Participación na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

### 7.3.- ENFOQUE METODOLÓXICO.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza-aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado como do resto de profesores membros do claustro; dende a daptacion do repertorio para a nosa particular formación, ata, o estudo do repertorio de maneira individual e a posta en práctica de ensaios seccionais en donde teran que entrar en debate as distintas opinions e criterios para levar a cabo da maneira mais poitiva o mesmo.

#### 7.3.1. RECURSOS, MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, asé como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto. O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

En función do anterior, e de forma orientativa, como material curricular, un listado orientativo de partituras podería ser o que aparece no epígrafe 8 desta programación, referinte ás probas de acceso ós diferentes cursos. Se poderán audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, asé como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

#### 7.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS.

Os recursos humáns están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación. Contextualizados neste centro os recursos materiais son os seguintes:

1. Aula con espazo abondo para albergar un grupo estabel de Conxunto.
2. En cada aula, un ou dous pianos cos seus asentos regulables.
3. En cada aula, reprodutor de CD, metrónomo, atrís, sillas e lousa pautada.
4. No departamento, reprodutor de DVD, televisor e gravadora dixital.
5. No centro, videocámara dixital.
6. Sala de audicións, cabinas de estudio e biblioteca.
7. Auditorio, con equipo de gravación.
8. Na biblioteca, ordenadores con conexión a Internet, como tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten o acceso a materiais didácticos, información en materia de educación, asé como a comunicación entre o/as integrantes da comunidade educativa.

#### 7.3.3. MEDIOS.

Son o propio sistema educativo, a L.O.E. na súa concreción autonómica, os documentos de organización do centro, incluída esta programación de Orquestra e Banda e a linguaxe técnica empregada.

### 7.4. – CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os criterios xerais da L.O.E. para esta materia son os que a continuación se especifican. A ensinanza da práctica de Orquestra e Banda no grao profesional tenrá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das capacidades no alumnado, o que se avaliará mediante os seguintes criterios de avaliación:

1. Interpretar por seccións calquera das obras programadas durante o curso.

*Con este criterio trátase de valorar a capacidade para adecuar o propio son ó da familia correspondinte e a precisión dos ataques e entradas dacordo coa anacrusa do director ou directora.*

2. Reproducir calquera das obras programamadas durante o curso, reducindo a corda ó número mínimo posible de alumnos e de alumnas por cada sección da mesma.

*Este criterio pretende avaliar a capacidade de escoita das outras partes, unificándose coas afíns, e do grao de afinación harmónica e do conxunto, unificando unísonos.*

3. Repentizar unha obra de pequena dificultade.

*Este criterio pretende comprobar a integración rítimica no conxunto seguindo o tempo marcado polo director ou directora, a precisión para reaccionar ás súas indicacións, o dominio do seu intrumento e o grao de afinación na lectura a vista.*

4. Estudar na casa as obras correspondintes ou repertorio programado.

*Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro do mesmo e o respecto pola interpretación musical.*

5. Realizar concertos públicos coas obras ensaiadas.

*Este criterio constata a actitude, necesariamente disciplinada do instrumentista na orquestra, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa contribución dentro do equilibrio de planos do conxunto e adecuación ó carácter e estilo que marca o director ou directora.*

6. O alumnado debe mostra-los coñecementos mediante a interpretación das obras de estilo e épocas diversas traballadas na aula.

*Verifícase así a asimilación e superación dúas contidos do curso. Valórase:*

- *o desenrrolo técnico e nivel adquirido;*
- *a produción do son;*
- *a calidade do son, dinámicas, vibrato e afinación;*
- *fidelidade ó texto, mediante o control das pasaxes musicais, así como o seu dominio técnico;*

*Tamén, na execución en grupo valórase:*

- *a interpretación musical, en canto o carácter e estilo;*
- *a memoria musical;*
- *o equilibrio sonoro cos outros instrumentos.*

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os CRITERIOS ESPECÍFICOS que desenrolan os xerais e sobre os que se aplicará a avaliación do alumnado e secuencian os xerais anteriores, corresponíndose directamente cos obxectivos e contidos deste curso.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, **os mínimos exixibles** para aprobar a asixnatura cada trimestre, consiste en acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques que os vertebran, asé como o repertorio practicado. Asé habería que superar trimestralmente:

A) Acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. (50%). Desta forma se valorarán a aprendizaxe e o coñecemento adquirido do repertorio dunha forma específica e detallada. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 criterios dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

b) Interpretación: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

c) Público: 1 criterio dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

d) Actitude: 6 criterios dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

B) Superar todo o repertorio practicado durante cada trimestre, que é un tercio do repertorio do curso (50%). Desta forma se valorarán a aprendizaxe e o coñecemento adquirido do repertorio dunha forma máis global.

En coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación destes **mínimos exixibles**:

A) Acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques que os vertebran, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

(50%). Asé habería que superar:

a) Lectura: 3 criterios dos 5 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
b) Interpretación: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
c) Público: 1 criterio dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
d) Actitude: 6 criterios dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

B) Superar todo o repertorio practicado durante o curso. (50%).

A continuación concretanse os criterios que conteñen os bloques de lectura, interpretación, público e actitude.

**a) Lectura.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente todas as obras do curso individual e colectivamente.
2º. Coñecer e manexar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Ler, individual e colectivamente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras.
3º. Ler a primeira vista, individual e colectivamente, polo menos unha obra propia do nivel.
4º. Esmiuzar e reforzar dentro do hábito de estudio individual, as pasaxes musicais que presentan unha dificultade motora no momento da lectura, para permitir o progreso na montaxe das obras, e demostrar autonomía no estudio.
5º. Desenvolver a memoria mediante a interpretación, na asimilación das obras.

**b) Interpretación.**

1º. Mostrar unha autocrítica construtiva que enriqueza a formación do criterio de interpretación persoal, e empregar este criterio persoal para valora-la interpretación propia e do grupo dentro do plan de traballo colectivo, na análise dos recursos interpretativos e práctica gradual de obras de diversos estilos e épocas.
2º. Desenvolver progresivamente o oido interno e harmónico prestando atención á afinación, cor e calidade tímbrica axeitados ó contido musical, empaste e o resultado global das partes: igualdade nos golpes de arco e ataques...
3º. Coñecer e responder os xestos do director: anacrusa como movemento básico da práctica orquestral, diferentes tipos de anacrusas...
4º. Experimentar coas posibilidades sonoras do propio instrumento, e afondar progresivamente para conseguir efectos distintos nunha mesma pasaxe.
5º. Interpretar intervalos consonantes e disonantes de crecente dificultade, como afianzamento da afinación das obras do repertorio.
6º. Analizar versións de obras do repertorio.

**c) Público.**

1º. Participar nos concertos que se organicen co fin de comunicar o repertorio aprendido e reforzar o proceso de aprendizaxe.
2º. Mellorar progresivamente na aplicación das aprendizaxes desenvolvidas no aula á interpretación en público.

**d) Actitude.**

1º. Participar con motivación e superación nas experiencias do propio proceso de aprendizaxe, desfrutando da contribución á unidade sonora do feito musical, mediante a escoita global das partes, como base para integrar a propia parte nesta unidade sonora, adquirindo unha progresiva seguridade persoal niso e valorando esta práctica como preparación para o futuro exercicio profesional.
2º. Autoavaliar e mellorar a percepción persoal do empaste e compenetración da unidade sonora como contribución á formación dun só son, con progresiva capacidade de reacción e reflexos no emprego dos recursos técnicos adecuados en cada momento da interpretación (flexibilidade no emprego de distintos ataques, articulacións, dixitacións, tímbrica, aplicación con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento).
3º. Valorar, respectar e asimilar como algo propio, o comportamento, a cooperación e as normas que levan consigo a actividade de grupo, respondendo ó compromiso que se adquire coa música e compañeiros.
4º. Organizar con responsabilidade o hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a) traballando por seccións con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo e flexible, valorando as achegas propias e alleas;
b) interpretando obras reducindo ó mínimo posible o número de alumnado por corda;
c) participando con agrado e prontitude nas actividades;

d) anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...
5º. Interesarse pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.
6º. Respectar e desfruta-las obras que se interpretan e do coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ó que pertencen.
7º. Experimentar e valorar o silencio na práctica en grupo, como base
a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.
8º. Coñecer e controlar a relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos,...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfrutar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.
9º. Participar con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios para a preparación de concertos.
10º. Utilizar en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mantelo en bo estado.
11º. Asistir a clase e ós concertos con puntualidade.
12º. Participar na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

### 7.4.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os criterios de cualificación están en función dos criterios de avaliación do epígrafe anterior. Tanto a **cualificación trimestral** como a **final**, resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, -(A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de <u>bloques de criterios específicos</u> -lectura, interpretación, público e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da <u>práctica do repertorio</u> (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **catro bloques**, será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

### 7.5. – PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

#### 7.5.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS.

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- **Avaliación inicial:** é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.
- **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- **Avaliación formativa:** Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- **Avaliación sumativa:** Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
as audicións en directo, en soporte visual e audio;
os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Orquestra, Banda, Coro, Música de Cámara e Conxunto organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical, como compoñente da Orquestra ou Banda.

**7.5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS.**

**7.5.2.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.**

Se prevén procedementos de avaliación alternativos para o alumnado que perde a avaliación continua.

Establécese que con **tres fallas de asistencia** sen xustificar, o alumnado perde o dereito á avaliación continua, mais non o dereito a asistir ás clases semanais. Ó final do curso terá que facer unha proba co profesor da materia, que verse sobre os contidos correspondintes ó seu curso, interpretando en grupo interpretando **xunto ós seus compañeiros de clase**.

O profesorado da materia informará ó alumnado que perda a avaliación continua das partes e repertorio sobre os que versará a proba, trimestralmente. As particellas correspondentes poderán conseguirse a petición do interesado, a través do profesorado que imparta a materia.

Así, a proba consistirá en:

1. – Interpretar dúas das obras do repertorio programado para cada trimestre, xunto ós seus compañeiros de clase, que o profesor decidirá no momento da proba. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

2. – Ler a primeira vista a só un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Valorarase ademais o interese en conseguir con prontitude as particellas que permita a súa preparación para a proba.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA proba por Pérdida de Avaliación Continua son os seguintes:

**a) Lectura e interpretación.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente.
2º. Coñecer e interpretar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Tocar individualmente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras. Valórase:

- Dominio técnico: a produción e calidade do son, vibrato e afinación.
- Realización de dinámicas.
- Fidelidade ó texto atendendo ó ritmo.
- Memoria musical (a necesaria para interaccionar co seu grupo non dependendo da partitura).

4º. Tocar a primeira vista individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**

1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.
2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).
3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.
4º. Utiliza- lo material axeitado.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para a proba por Pérdida de Avaliación Continua son equivalentes ós explicados no apartado 9.4.1., mais aplicados ás probas por pérdida de avaliación continua.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

A **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de <u>bloques de criterios específicos</u> –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da <u>práctica do repertorio</u> (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **catro bloques**, será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

### 7.5.2.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIGNATURA PENDENTE.

O alumnado que teña pendente de aprobar a asixnatura de ORQUESTRA OU BANDA do curso anterior ó que estea matriculado terá dereito de asistir ás clases da materia pendente, polo que a avaliación será continua e tomaranse en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase, culminando a avaliación continua, na calificación de final de curso. Sen embargo, no suposto de perder a avaliación continua ou ter que aterse a uns contidos mínimos, se realizará unha proba, que verse sobre os contidos correspondintes ó curso pendente de aprobar. Se o número de faltas de asistencia se da a final de curso, o examen poderá incluir materia das tres avaliacións.

Así, a proba consistirá en:

1. - Interpretar a só dous obras do repertorio total do curso pendente de aprobar, e que o profesor decidirá no momento da proba. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. – Ler a primeira vista a capella un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

As particellas correspondentes poderán conseguirse a petición do interesado, a través do profesorado que imparta a materia. Valorarase ademais o interese en conseguir con prontitude as particellas que permita a súa preparación para a proba.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os CRITERIOS DE AVALIACIÓN para a proba por ter a asignatura de ORQUESTRA OU BANDA pendente, os seguintes:

**a) Lectura e interpretación.**
1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente.
2º. Coñecer e interpretar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Tocar individualmente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras. Valórase:

- Dominio técnico: a produción e calidade do son, vibrato e afinación.
- Realización de dinámicas.
- Fidelidade ó texto atendendo ó ritmo.
- Memoria musical (a necesaria para interaccionar co seu grupo non dependendo da partitura).

4º. Tocar a primeira vista individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**
1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.
2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).
3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.
4º. Utiliza- lo material axeitado.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para a proba por ter pendente a asixnatura son equivalentes ós explicados no apartado 7.4.1., mais aplicados ás probas por ter pendente a asixnatura.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

A **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de <u>bloques de criterios específicos</u> –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da <u>práctica do repertorio</u> (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **catro bloques**, será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

**7.5.2.3. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.**

Mediante a orde do 10 de marzo de 2009, publicada no D.O.G., se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra.

A matrícula de honra concederase ao alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acade a cualificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro, ou polo Decreto 204/2007, do 11 de outubro, publicado no D.O.G.

A concesión de matrículas de honra cumprirá os seguintes supostos:

a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.

b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento didáctico responsable da materia, por instancia do profesor ou profesora que a imparta.

c) As propostas do departamento elevaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que redactará a acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

d) Darase traslado da acta ao secretario ou secretaria do centro para que engada os resultados nos expedientes académicos correspondentes do alumnado.

e) A concesión da matrícula de honra consignarase nos documentos de avaliación destas ensinanzas coa expresión “matrícula de honra” a continuación da cualificación numérica obtida.

**7.5.2.4. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DE PREMIO FIN DE GRAO.**

Mediante a orde do 10 de marzo de 2009, se regula tamén o procedemento para a obtención de premio fin de grao, que se corresponderá con cada ESPECIALIDADE, sobre a que versará a proba correspondinte.

O premio de fin de grao concederase ao alumnado matriculado en calquera dos centros da comunidade autónoma que remate o sexto curso dos estudos profesionais de música ou danza cunha cualificación **media de 8 no dito curso**, cando menos, e se presente á proba anual correspondente.

A concesión de premios fin de grao cumprirá os seguintes supostos:

a) Para a concesión do premio de fin de grao constituirase un tribunal específico para este fin, que será designado polo director ou directora do centro, e se encargará de valorar a proba correspondente á convocatoria anual.

b) O tribunal estará formado por tres profesores/as, dos que só un deles/as será membro do departamento da especialidade de procedencia do/a alumno/a aspirante ao premio. Non poderá formar parte do citado tribunal profesorado que impartise docencia
directa a ese/a aspirante durante o curso anterior.

c) Os departamentos didácticos establecerán os criterios valorativos para a obtención do premio de fin de grao, cuxa proba deberá ter carácter práctico.

d) As probas para a concesión do premio de fin de grao serán convocadas pola dirección dos centros. Estas probas levaranse a cabo unha vez rematada a sesión de avaliación do fin de curso. Para os efectos de organización académica, a citada proba non se realizará despois do 20 de xuño.

e) Aos/Ás aspirantes que obteñan o premio, o centro expediralles un diploma acreditativo que testemuñe a súa obtención, segundo o modelo que recolle o anexo desta orde.

Contra o acto de concesión da matrícula de honra ou do premio de fin de grao os/as interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada perante o/a director/a do centro educativo no prazo dun mes, desde a data da súa realización.

## 7.6.- MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

Os casos de recuperación de materia desta asignatura cando o alumnado asiste a clase regularmente, se derivan de suspender probas concretas ó longo dun trimestre. Según isto, os tipos de avaliación aplicados ás medidas de recuperación de contidos son:

- **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- **Avaliación formativa:** Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de planteamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.

Os **procedementos de avaliación** que se aplican ás **medidas de recuperación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados ó longo do trimestre son a observación e a audición.

Estas **medidas de recuperación** empregan instrumentos de avaliación que volven a avaliar a asimiliación de conceptos, procedementos e actitudes, tralo seu tratamento na aula. Estes **instrumentos de avaliación**, son coherentes cos aplicados nos procedentes de avaliación ordinarios e son:

Novos exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
Novos exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).
Revisión da secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
Avaliación de novas audicións en directo, en soporte visual e audio;

O profesorado informará ó alumnado que teña que recuperar materia, das medidas de recuperación concretas que se empregarán para a súa superación. De novo, os criterios de avaliación e mínimos exixibles para aprobar a materia, serán os devanditos no epígrafe 7.5.2.1.

A este respecto, como xa se dixo anteriormente, o departamento de Orquestra, Banda, Coro, Música de Cámara, Conxunto e Percusión, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical, como compoñente dun Conxunto. Estas audicións terán lugar dentro do horario da clase de orquestra e banda, sempre que a súa organización o permita.

## 7.7. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO.

O alumnado que suspenda en xuño a materia de ORQUESTRA OU BANDA, realizará en setembro unha proba co profesor da materia, que verse sobre os contidos correspondintes ó seu curso.

Así, a proba consistirá en:

1. – Interpretar a só dúas das obras do repertorio total traballado durante o curso, e que o profesor decidirá no momento da proba. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

2. – Ler a primeira vista a só un fragmento de 16 compases a proposta do/a profesor/a da materia, cun nivel máximo do curso anterior.

As particellas correspondentes poderán conseguirse a petición do interesado, a través do profesorado que imparta a materia. Valorarase ademais a interese en conseguir con prontitude as particellas que permita a súa preparación para a proba.

Os CRITERIOS DE AVALIACIÓN aplicables ás PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO son os seguintes:

**a) Lectura e interpretación.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente.
2º. Coñecer e interpretar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Tocar individualmente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras. Valórase:

- Dominio técnico: a produción e calidade do son, vibrato e afinación.
- Realización de dinámicas.
- Fidelidade ó texto atendendo ó ritmo.
- Memoria musical (a necesaria para interaccionar co seu grupo non dependendo da partitura).

4º. Tocar a primeira vista individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**

1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.
2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).
3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.
4º. Utiliza- lo material axeitado.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para o examen de setembro son equivalentes ós explicados no apartado 7.4.1., mais aplicados ó examen de setembro.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

A **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de <u>bloques de criterios específicos</u> –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da <u>práctica do repertorio</u> (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **catro bloques**, será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

## 7.8.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Para ampliar a matrícula ó curso seguinte, son necesarias as seguintes circunstancias:

A) Ter superado a totalidade dos criterios de avaliación e interpretación do repertorio do curso matriculado, no momento da ampliación da matrícula, o cal, se haberá avaliado polo **PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN ORDINARIA** e continua, tomando en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase, e basandose nos criterios que se reflicten no epígrafe **7.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**.

B) Previa solicitude do alumnado, o profesorado correspondente realizará **probas específicas** ó final do primeiro trimestre, que complemente a información obtida mediante a Avaliación Ordinaria. Estas probas poderán incluír materia das tres avaliacións do curso.

Estas probas específicas consistirán en:

1.- Interpretar a só a parte correspondente de dúas obras, do repertorio total correspondente ó curso no que está matriculado. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, según o criterio do profesorado.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do profesorado, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

As particellas correspondintes poderán conseguirse a petición do interesado, a través do profesorado que imparta a materia, que lle informará sobre o repertorio total do curso no que está matriculado sobre o que versará a proba.

A partires do anterior, os **CRITERIOS DE AVALIACIÓN para as probas** de concesión de AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA na asignatura de ORQUESTRA E BANDA son os seguintes:

**a) Lectura.**
1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente.

2º. Coñecer e manexar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Tocar individualmente as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras.
4º. Tocar a primeira vista individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**
1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.
2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).
3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.
4º. Utiliza- lo material axeitado.

A avaliación positiva das probas é necesaria para ampliación de matrícula de todo o conxunto de asignaturas do curso ó que se desexa acceder.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para a proba por ampliación de matrícula son equivalentes ós explicados no apartado 7.4.1., mais aplicados ás probas por ampliación de matrícula.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

A **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de <u>bloques de criterios específicos</u> –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da <u>práctica do repertorio</u> (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **catro bloques**, será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

## 7.9.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. PROCEDEMENTOS DE ACCESO Ó CURRÍCULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.

O alumnado do conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo, pois ten que compaxinar os estudios de música cos de ensinanzas xerais.

As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que se inician os estudios musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenimento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital mportancia a atención á diversidade do alumnado, para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. Para tal fin, o profesorado do departamento elaborará un banco de actividades didácticas.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de **procedementos de acceso ó currículo para alumnado con necesidades específicas,** ou expresado doutra forma**,** conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, e de ser o caso, atendendo o informe aportado do alumnado con necesidades específicas, -neste último caso unha vez consultado o departamento, tutor e xefatura de estudios-, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1) ***Adaptacións do material didáctico,*** que ofrezan unha ampla gama de actividaes didácicas que respondan ós diferentes graos de aprendizaxe, como aplicación de exercicios ponte que esmiucen o material musical e facilite a progresiva asimilación polo alumnado.

2) ***Variacións da metodoloxía,*** para adaptala ás necesidades de cada alumno, según sexan as características de aprendizaxe do alumnado (ritmo de aprendizaxe, circunstancias), afectarán á aplicación de metodoloxías (estilo de comunicación na ensinanza, aplicación de exercicios adaptados, traballo das actitudes e motivación…).

3) ***Propoñer actividades de traballo diferenciadas:*** O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas. Neste senso, se proporán actividades secuenciadas de menor a maior dificultade, adaptadas ó ritmo de aprendizaxe do alumnado, có obxectivo da interpretación musical.

4) ***Organizar o traballo de forma flexible*** e con ritmos distintos de aprendizaxe, secuenciando para iso as actividades adaptadas do material didáctico.

5) ***Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos*** adaptándose ó alumno individualmente, reforzando e ampriando ós coñecementos que vai adquirindo, coa asociación con experiencias que lle sexan significativas e estimulen a súa aprendizaxe significativa e o seu disfrute da súa integración musical dentro do grupo.

6) A adaptación dos obxectivos, e por tanto dos contidos terá que respetar os ***mínimos esixibles*** fixados na programación para o curso.

A interpretación musical, meta destas ensinanzas, é por definición, un feito diverso, profundamente subxectivo, e no seu resultado sonoro final fusiónanse a mensaxe do compositor contido na obra e a persoal

forma de transmiti-lo por parte do intérprete, que fai súa esa mensaxe canalizándoa a través da súa propia sensibilidade.

Como en toda tarefa educativa, é o desenrrolo da personalidade e a sensibilidade propias do alumnado, a fin que se persegue aquí, de maneira tanto máis acentuada, en canto que a música é entre outras, un vehículo de expresión de emocións.

Nun proceso de aprendizaxe desta índole, o profesor actuará de guía, dando solucións concretas a problemas igualmente concretos, e no que teña un carácter máis xeral, dará opcións e non impoñerá criterios, orientará e non conducirá cara resultados predeterminados, estimulará e ampliará a receptividade así como a capacidade de resposta do alumnado.

A programación, aberta, nada ríxida, é imprescindibel en materias como esta, conleva acadar unha homoxeneidade do nivel, un ritmo de traballo no grupo, así como unhas obras do repertorio que poidan ser abordadas tecnicamente e á vez cumpran os obxectivos da programación.

Como se pode apreciar na secuenciación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada curso, o currículo desta materia é en espiral, xa que ó longo dos dous cursos, afiánzanse e amplian os aspectos formulados para o primeiro curso.

O proceso de ensinanza débese enfocar cara a funcionalidade das aprendizaxes, pudindo ser utilizados nas circunstancias reais nas que o alumno as necesite. Por aprendizaxe funcional se entende non só a aplicación práctica do coñecemento adquirido, senon tamén ou feito de que os contidos sexan necesarios e útiles para levar a cabo outras aprendizaxes e para enfrontarse con éxito á adquisición doutros contidos. Se busca desenvolver desta maneira a **metacoxnición**, como habilidade para aprender como integrante do grupo, e conseguintemente, a autonomía no estudo dentro do mesmo.

As actividades de ensino-aprendizaxe ou exercicios corresponderanse cos contidos desta programación, en función do repertorio a practicar durante o curso. O repertorio coral corresponderase ó nivel de cada ciclo, con posibilidade de empregar versións facilitadas ou adaptacións ad hoc, en función do equipo orquestral dispoñible. Ademais, poderá realizarse un traballo de repertorio coral e solista con orquestra, que se adecuará ás características anteriores, según a organización da materia. Por outra banda, se poderán incluír exercicios de dirección como recurso educativo de ampliación.

O tempo na aula debe estar sumamente organizado, para que despois da lectura dunha obra, se poida comentar analiticamente a súa estrutura, axuste da afinación, e formular un guión de traballo co tempo axeitado para o grupo e poñendo atención ós distintos parámetros da interpretación. Este traballo pode ir seguido con comentarios sobre a época, estilo e o autor, así como dos autores de música sinfónica e para banda máis influíntes nese período.

Nunha materia como é a práctica orquestal, é imprescindible o estudio persoal por parte do alumnado, para resolve-las pasaxes ou fragmentos de dificultade, así como o traballo en equipo para disciplinarse e responsabilizarse, nunha simbiose que respecte a dinámica de traballo.

Como xa se din no epígrafe dos procedementos de avaliación, para un correcto seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de **avaliación**. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- **Avaliación inicial:** é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou cognitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa.
- **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- **Avaliación formativa:** Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de planteamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- **Avaliación sumativa:** Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente ó final de cada trimestre ou ó final do curso.

Nesta materia de **orquestra e banda**, se terá en conta para a avaliación o seguinte decálogo de normas de comportamento, que será dado a coñecer ó alumnado:

**A) NA CASA:**

1. Cada integrante da orquestra disporá dunha copia de todo o material. Debe materse en boas condicións de limpeza e coas indicacións actualizadas, independentemente de se é a copia que se utiliza no ensaio ou non.
2. A parte debe se estudiada na casa. No caso de dúbidas, se debe acudir ó profesorado de instrumento. O ensaio non é para aprendela.
3. Convén dispoer de grabacións do repertorio a traballar.

**B) NOS ENSAIOS:**

1. Puntualidade.
2. Material:
   - lápiz e goma.
   -violoncellos e contrabaixos levarán dispositivo para que o instrumento non resbale.
3. As arcadas ou dixitados estarán indicados na partitura. Si fai falta realizar modificacións no ensaio, os principias ou concertino o indicarán. O resto da sección os copiará sen necesidade de interrumpir o ensaio. Todas as anotacións as realizarán os que estén na parte de dentro do atril, salvo os principais.
4. En todo momento hai que gardar silencio e prestar atención ás indicacións do director, incluso ainda que se dirixa a outra sección. Os comentarios deben deixarse para despois.
5. A orquestra afinará normalmente a 442 Hz. Se debe ir có instrumento afinado ós ensaios para só ter que realizar pequenos axustes.
6. Ó afinar, se gardará un silencio absoluto. Primeiro se tomará o 'la' por seccións. Despois se afinarán o resto das cordas, piano e evitando tocar mentres os compañeiros no terminen de afinar.
7. As posibles ausenzas, salvo indicación do contrario, se cubrirán dende o último atril.
8. O alumnado de percusión deberá ter o instrumental preparado antes do inicio do ensaio e encargarse de devolver cada instrumento ó seu lugar á finalización do mesmo.

**C) NOS CONCERTOS:**

1. Puntualidade.
2. Varios minutos antes de comenzar o concerto se pode sair ó escenaria a calentar. Cando se apagan as luces e sae o concertino, se debe gardar silencio absoluto.
3. No escenario, se evitará falar ou calquera outra conducta que puida ser irrespetuosa cara ó público e o resto dos compañeiros.
4. Cando sae o director, a orquestra se levanta. Se mirará ó concertino para saber cando levantarse/sentarse.
5. Ó terminar a obra, se debe estar atento ás indicacións do director para os levantamentos/saudos.
6. Vestiario.

## 8.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLAIS. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS.

### 8.1. PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

O departamento de Conxunto, Orquestra, Banda, Coro, Música de Cámara e Percusión, promove e organiza actividades culturais e de promoción das ensinanzas, participando nelas dentro do conservatorio e do horario lectivo. Para iso, elabora un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical, como compoñente destas agrupacións.

As audicións das Orquestras e Bandas se realizan por mor da festividade de Santa Icía, Nadal, Fin de Curso, e outras posibilidades, coma a inauguración do curso académico ou a colaboración con ONX's sen ánimo de lucro. As audicións de Música de Cámara, Conxunto e Coro, poden integrarse dentro das dúas Semanas Musicais (a primeira a fins de decembro, e a segunda, a fins de maio); outras audicións poden realizarse a nivel de aula, integrarse nas audicións de Departamento de cada especialidade - como sole ocorrer coa materia de Coro -, ou ben, outras posibilidades.

A participación nas actividades complementarias reforzan e amplían a asimilación da interpretación musical e contribúen á formación integral do alumnado, como futuro profesional da interpretación, dado que son experiencias próximas á actividade profesional.

### 8.2. PROPOSTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLAIS.

O departamento de Conxunto, Orquestra, Banda, Coro, Música de Cámara e Percusión, promove e organiza actividades culturais e de promoción das ensinanzas, participando nelas dentro e fóra do conservatorio, e fora do horario e espazo lectivo. Ó longo do curso, poden organizarse actividades extraescolais coma cursiños relacionados coa práctica de Orquestra e Banda, concertos fora do centro como intercambios con outros conservatorios ou concertos en colaboración con ONX'S, participación en concursos (por exemplo se organiza no centro un concurso para que o alumnado interprete como solista coas catro agrupacións do centro, tamén hai precedentes de cursos anteriores de participar no concurso que organiza Caixa Madrid), participación en ensaios extraordinarios que foran necesarios para a preparación das devanditas actividades …

A participación nas actividades extraescolais reforzan e amplían a asimilación da interpretación musical e contribúen á formación integral do alumnado, como futuro profesional da interpretación, dado que son experiencias próximas á actividade profesional.

## 9. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O desenvolvemento da programación didáctica ó longo do curso, en cada un dos seus apartados, se avaliará a través de procedementos para a súa coordinación, valoración e revisión de resultados, asé como mediante procedementos para a avaliación interna do departamento.

### 9.1. PROCEDEMENTOS PARA A COORDINACIÓN, VALORACIÓN E REVISIÓN DO RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Os procedementos para a coordinación, valoración e revisión do resultado da programación didáctica, derivados da súa aplicación, son as observacións e comunicacións das incidencias que poidan ter lugar. Estas observacións e comunicacións se realizan entre os membros do departamento, asé como a xunta directiva, comisión de coordinación pedagóxica, profesorado, e alumnado das materias do departamento, todo isto, a través dos canles previstos para tal fin.

### 9.2. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.

Os procedementos para a avaliación interna do departamento son as observacións e comunicacións realizadas entre os membros do mesmo, a través dos canles previstos para tal fin. Para esta avaliación, o departamento se baseará na observación do cumplimento do Artículo 24, do devandito R.O.C., referinte ás competencias do departamento. Esta avaliación interna, será trimestral e dela se extraerán os aspectos a mellorar do funcionamento do departamento.

## 10.- PROBAS DE ACCESO ÓS DIFERENTES CURSOS.

As probas de acceso ós cursos 2º a 6º deste grao se realizan en setembro e consistirán en:

1.- Interpretar dous solos ou fragmentos dos listados que aparecen a continuación, ou de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade. Según o curso ó que se desexe acceder, o alumnado presentará o repertorio dunha agrupación xuvenil ou sinfónica, elixindo entre Banda e Orquestra. É dicir, non ten que presentar o repertorio de dúas agrupacións, só de unha.

ACCESO DE **2º a 4º** DO GRAO PROFESIONAL

**BANDA**

| COMPOSITOR/A | OBRA E OBSERVACIÓNS |
|---|---|
| F. Pérez Seara | Banda galega |
| A. Waignein | Festival suite |
| J. Ninjs | Concerto dynamico |
| J. V. Pérez Planells | Fina Planells |
| J. Horner | The mask of zorro |

**ORQUESTRA**

| COMPOSITOR/A | OBRA E OBSERVACIÓNS |
|---|---|
| F. Schubert | Marcha militar |
| J. Strauss | Pizzicato polka |
| Sulivan | The pirates of penzance |
| R. Schumann | Celebre reverie |
| E. Elgar | Chanson de nuit |
| Gluck | Suite-ballet (óperas)<br>12-Gavotte |
| Telemann | Musique de table |
| C. Brown | Rustic dances, nº 1 “Country dance”;<br>Nº 4 “Gypsy dance” |
| P. I. Tchaikowsky | The nutcracker |
| F. Delius | Two aquareles |

ACCESO DE **5º e 6º** DO GRAO PROFESIONAL

**BANDA**

| COMPOSITOR/A | OBRA E OBSERVACIÓNS |
|---|---|
| Alarcón | O torico da corda |
| Arr. C. Grundman | Berstein’s tribute |
| G. Orsomando | Olimpicas (marcha sinfónica) |
| B. Appermont | Egmont |

**ORQUESTRA**

| COMPOSITOR/A | OBRA E OBSERVACIÓNS |
|---|---|
| G. Rossini | Obertura de "O barbero de Sevilla" |
| F. Mendelssohn | Sinfonía nº 1 (todos os seus movimentos) |
| F. Schubert | Sinfonía nº 7 “Inacabada” (todos os seus movimentos) |

As probas de acceso ós distintos cursos do ORQUESTRA E BANDA consistirán en:

1.- Interpretar dous solos ou fragmentos de obras, só unha das partes correspondentes e sen acompañantes, é dicir, a solo.

Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno

A partires do anterior, os CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE ACCESO DE SETEMBRO na asignatura de ORQUESTRA E BANDA son os seguintes:

**a) Lectura.**
1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente.
2º. Coñecer e manexar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Tocar individualmente as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras.
4º. Tocar a primeira vista individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**
1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.
2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).
3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.
4º. Utiliza- lo material axeitado.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para a probas de acceso son equivalentes ós explicados no apartado 2.4.1, 3.4.1, 4.4.1, 5.4.1, 6.4.1 e 7.4.1, mais aplicados ás probas de acceso.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

A **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **catro bloques**, será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.